

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 10 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2007-2008.*

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 15 de xaneiro de 2009, pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2007-2008 e, de conformidade co establecido no artigo 7º desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Primeiro.-Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2007-2008 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Por proposta do xurado de selección poderanse designar os especialistas necesarios para que asesoren o xurado de selección na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2009.

María José Pérez Mariño  
Directora xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa

### ANEXO

#### Xurado de selección

\*Presidente: José Graña Carrodegas, subdirector xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, por delegación da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

\*Membros:

-Gonzalo Sanmartín Brey, xefe do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-Xosé María Cerviño Varela, xefe do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

-Jesús Álvarez Marcote, inspector de educación.

-Elisa Isabel Amoedo Barciela, inspectora de educación.

-Carmen García Rodríguez, inspectora de educación.

-José Antonio Jardón Bahía, profesor de ensino secundario.

-Ramón Martínez Pego, profesor de ensino secundario.

-Carmen Rey Castro, profesora de ensino secundario.  
-Jesús Manuel Rodríguez Buján, profesor de ensino secundario.

-Xosé Romarís Lens, profesor de ensino secundario.

-Belisario Sixto San José, profesor de ensino secundario.

-José Luis Vázquez Fernández, inspector de educación.

-Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario.

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Corrección de erros.-Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións profesionais de artesáns cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, para o fomento do sector artesanal galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201F).*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 33, do 17 de febreiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 3.176, columna 1, no parágrafo 10 que comeza por «Artigo 18º.-Xustificación da subvención.», no seu número 1, onde di: «... tendo de prazo para presentala ata o 18 de marzo de 2009, inclusive», debe dicir: «... tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2009, inclusive».

*Corrección de erros.-Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201G).*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 33, do 17 de febreiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 3.191, columna 1, no parágrafo 5º que comeza por «Artigo 17º.-Xustificación da subven-

ción.», no seu número 1 ao final do parágrafo, onde di: «... tendo de prazo ata o 18 de outubro de 2009, inclusive», debe dicir: «... tendo de prazo ata o 31 de outubro de 2009, inclusive».

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción, e se convocan no ano 2009.*

A gandería baseada nas nosas razas autóctonas foi tradicionalmente fonte dunha incalculable riqueza desde diversos puntos de vista, tanto económicos como sociais e ambientais. Hoxe en día, debemos destacar tamén a importancia da conservación destas razas polo recurso xenético que supoñen e polo seu papel fundamental na conservación de ecosistemas e pastos.

Trátase tamén dunha ferramenta útil para a fixación da poboación no medio rural, incrementando a calidade, a competitividade e o valor engadido dos produtos.

Por este motivo establécense axudas dirixidas ás asociacións de criadores das razas gandeiras autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que desenvolvan actuacións destinadas ao fomento destas razas.

As actividades subvencionables por esta orde enmárcanse no disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01), no Regulamento 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 (DOUE L 358/3, 16-12-2006), sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado e das axudas estatais para pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas, e o establecido no Real decreto 1366/2007, do 19 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confiren a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que rexerán a concesión de axudas da Consellería do

Medio Rural para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial ou en perigo de extinción na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita axuda para o ano 2009.

#### Artigo 2º.-*Obxecto da axuda.*

Esta axuda, tramitada a través do procedemento de concorrencia competitiva para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial ou en perigo de extinción, ten como finalidade:

1. O aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, da súa viabilidade e do nivel de vida dos gandeiros.

2. A modernización do sector gandeiro galego en materia de xenética, sanidade e produción animal.

3. A mellora da eficacia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións.

4. A optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles.

#### Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán acollerse ás axudas descritas nesta orde as organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que cumpran os requisitos seguintes:

a) Desenvolver a súa actividade e que estean domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Acreditar que os gandeiros que as integran concentran un mínimo do 60% do censo de reprodutores da/s raza/s en perigo de extinción.

d) Estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos da raza ou razas en perigo de extinción pola Comunidade Autónoma de Galicia e garantir nos estatutos a participación democrática dos seus membros e ausencia de trato discriminatorio para os criadores.

e) As entidades solicitantes deberán cumprir co disposto no anexo I do Regulamento (CE) 364/2004 da Comisión, do 25 de febreiro de 2004, polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001 con vistas a ampliar o seu alcance ás axudas de investigación e desenvolvemento (DOUE L número 63, de 28 de febreiro de 2004) relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas, e que se recolle no anexo III de esta orde.

f) As entidades solicitantes deberán cumprir os requisitos exixidos nos artigos 13.2º e 13.3º da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, se for o caso, o recollido nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.